

Xavier Rodríguez Baixeras guía un paseo poético por Ribadeo

03-07-15

O Concello de Ribadeo e a AELG colaboran na organización dun paseo poético que da man de Xavier Rodríguez Baixeras nos permitirá coñecer o Ribadeo literario.

Será mañá, sábado 4 de xullo, a partir das 12 do mediodía e con saída no Parque dos Canapés, diante da Escola de Idiomas, preto do lugar onde en 2012 se instalou o monólito e se plantou a palmeira que lembran a homenaxe “O Escritor na súa Terra” que a AELG rendeu a Xavier R. Baixeras.

O paseo inscríbese no programa de actividades da Feira do Libro de Ribadeo.